

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a ditar algunha norma ou mudar as bases das subvencións e admitir que se mantén o compromiso de permanencia no caso de disolución da sociedade á que se incorporaron, cando veña motivada por cambios legais ou circunstancias sobrevidas alleas á explotación, e se acredite a continuidade da actividade, ben por conta propia ou no seo doutra sociedade ou comunidade de bens, sempre que manteña a afiliación á Seguridade Social no RETA agrario.»

- 34770 (09/PNC-002938)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

García García, Pablo, e tres deputados/as máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da modificación do Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de vehículos, introducindo unha excepción para os destinados ao transporte de madeira en rolo no referido ao peso e lonxitude máximos autorizados

BOPG nº 433, do 19.03.2015

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 13 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado a modificación do Real decreto 2822/1998, de tal forma que se faga unha excepción dos vehículos destinados ao transporte de madeira en rolo, cun máximo de 48 toneladas para cinco eixes e 57 toneladas para seis eixes.»

Rexeitamento da iniciativa

- 32820 (09/PNC-002772)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda, e Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa proposta de supresión de 130 postos de traballo na Consellería do Medio Rural e do Mar

BOPG nº 413, do 10.02.2015

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 8 votos en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2015

María Soledad Soneira Tajés
Vicepresidenta 2ª

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 17 de marzo de 2015, polo que se aproba a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de director/a de Recursos Humanos e Réxime Interior da Administración do Parlamento de Galicia

Ao abeiro do establecido no artigo 29 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia, a Mesa do Parlamento, na súa reunión do 17 de marzo de 2015, acordou aprobar a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de director/a de Recursos Humanos e Réxime Interior da Administración do Parlamento de Galicia, consonte as seguintes bases:

Primeira. Apróbase a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de traballo de director/a de Recursos Humanos e Réxime Interior da Administración do Parlamento de Galicia, código AP63 da Relación de postos de traballo do persoal da Administración do Parlamento de Galicia.

As características do posto son as seguintes:

1. Grupo de titulación: A.
2. Nivel de complemento de destino: 30.
3. Complemento específico: 32.663.54 euros.
4. Centro directivo: Dirección de Recursos Humanos e Réxime Interior do Parlamento de Galicia.

Segunda. Poderán concorrer á convocatoria os funcionarios e as funcionarias de carreira de calquera das administracións públicas pertencentes ao grupo A.

Terceira. O persoal funcionario interesado poderá presentar a súa solicitude no Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia, rúa do Hórreo, nº 63, en Santiago de Compostela, no prazo de quince días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, na cal deixará constancia dos datos do posto que viñese desempeñando e dos méritos que desexa alegar.

Para participar nesta convocatoria solicítase que a persoa interesada formalice a petición de acordo co modelo que se inclúe no anexo.

Os aspirantes deberán achegar á súa petición un *curriculum vitae* e xustificar mediante certificación ou copia compulsada os méritos alegados.

Cuarta. Consonte o disposto no artigo 29.2 do Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia, a convocatoria resolveraa a Mesa do Parlamento por proposta do letrado oficial maior.

Quinta. A resolución desta convocatoria farase pública no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. De se considerar oportuno, poderá declararse que non procede a cobertura do posto de traballo.

Sexta . O prazo de toma de posesión da persoa seleccionada será de tres días hábiles, de estar o destino anterior na mesma localidade, de sete días se comporta cambio de residencia, ou de vinte días se comporta o reingreso no servizo activo.

O prazo de toma de posesión comezará a contar desde o día seguinte ao do cesamento nese destino, se é o caso, que deberá producirse dentro dos tres días hábiles seguintes ao

da publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* da resolución da libre designación.

Se a resolución comporta o reingreso no servizo activo, o prazo de toma de posesión comezará a contar desde a data seguinte á súa publicación.

Sétima. Contra o acordo polo que se aproba esta convocatoria, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante a Mesa do Parlamento no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, ou poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo perante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2015

Pilar Rojo Noguera
Presidenta

Anexo
Modelo de solicitude
Datos persoais:

Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome
DNI	Data de nacemento	Teléfono
Enderezo	Localidade-Concello	Provincia
Corpo ou escala	Grupo	Nº R.P.
Destino actual	Grao consolidado	
Administración	Dependencia	Localidade

SOLICITO:

Ser admitido/admitida á convocatoria pública para prover o posto de traballo polo sistema de libre designación, aprobada por acordo da Mesa do 17 de marzo de 2015, por considerar que reúno os requisitos exixidos para presentarme ao posto de traballo que se indica:

Designación do posto de traballo	Nivel complemento destino	Centro directivo ou unidade de que depende	Localidade
Director/a de Recursos Humanos e Réxime Interior	30	Dirección de Recursos Humanos e Réxime Interior	Santiago de Compostela

Tempo de servizos prestados	Anos	Meses	Días
No corpo actual:			
Noutros corpos:			
No actual posto de traballo:			
Outros destinos anteriores:			
Títulos académicos:			
Coñecemento da lingua galega:	Fala: <input type="checkbox"/>	Escribe: <input type="checkbox"/>	Entende: <input type="checkbox"/>
Outros méritos que deban facerse constar de acordo coas bases da convocatoria:			
Outros méritos que a persoa candidata desexe facer constar:			

(Lugar, data e sinatura)

Sra. presidenta do Parlamento de Galicia